

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E O CONCELLO DE REDONDELA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Presidenta do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar co Concello de Redondela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 2 de abril de 2019 ata o 2 de abril de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración cultural para levar a cabo unha programación conxunta de actividades culturais, actividades de formación, cursos publicacións etc.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que coincidindo o interese do Consello da Cultura Galega e do Concello de Redondela na promoción e difusión do coñecemento da cultura no seo da sociedade, considérase beneficioso para ás dúas institucións establecer e desenvolver liñas de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao perceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 2 de abril de 2019.

